 **Recepción e itinerario interior de comunicación/** Acceso a través de rampla de 7,30 m longo e 1,80 ancho con pendente suave, ten pasamáns lado dereito a 92 cm. Paso entre mobiliario ≥ 1 m. Corredores das plantas ancho $\geq 1,20$ m e nos espazos de xiro pódese inscribir unha circunferencia de 1,50 m.


 **Ascensor/** Dous ascensores. Apertura de porta automática e ancho ≥ 80 cm. Cabina ancho 1,06 m e profundidade de $\geq 1,40$ m. Botoeira entre 0,90 e 1,20 m.


 **Aseo adaptado zona común/** Planta -1, á beira do comedor. Porta de acceso ancho ≥ 80 cm, no interior pódese inscribir unha circunferencia de 1,50 m. Porta cabina ancho 78 cm, no interior pódese inscribir unha circunferencia de 1,50 m.


 **Inodoro/** Altura asento inodoro 43 cm. Aproximación ao inodoro frontal con espazo de aproximación ancho 1,35 m e longo 1,50 m. Dúas barras de suxeición: lado dereito é abatible (altura 75 cm e longo 65 cm), lado esquerdo fixa (altura 75 cm e longo 40 cm). Separación entre barras 80 cm.


 **Lavabo/** Altura bordo superior 88 cm e inferior 87 cm Espazo de aproximación frontal ancho 70 cm e longo $\geq 1,20$ m Espazo libre baixo o lavabo profundidade 50 cm.


 **Habitacións adaptadas/** Catro habitacións adaptadas, unha por planta. Porta de acceso ancho 78 cm. Ancho corredor interior $\geq 1,20$ m, nos espazos de xiro permítese inscribir unha circunferencia 1,20 m. Espazo de aproximación polo lateral esquerdo da cama ancho 82 cm.


 **Cuarto de baño de habitación adaptada/** Descanso acceso á cabina permite inscribir unha circunferencia de 1,50 m. Porta cabina ancho ≥ 80 cm. Permítese inscribir unha circunferencia libre de varrido de porta de 1,50 m.


 **Inodoro/** Altura do asento 43 cm. Aproximación polo seu lateral dereito ancho 1,20 m. Dúas barras de suxeición, lado dereito abatible (altura 75 cm e longo 67 cm), lado esquerdo fixa (altura 75 cm e longo 40 cm). Separación entre barras 63 cm.


 **Lavabo/** Altura con bordo superior 88 cm e inferior 87 cm. Espazo de aproximación frontal ancho 48 cm e longo 80 cm. Espazo libre baixo o lavabo profundidade 60 cm.

 **Bañeira/** Todas as habitacións adaptadas teñen exclusivamente bañeira. Altura bordo superior 46 cm. Barra de suxeición con forma de ele altura inferior ≤ 67 cm e altura superior 1,10 m. Banco de transferencias baixo solicitude.

 **Restaurante - comedor/** Planta -1, acceso a Porta de acceso ancho ≥ 80 cm. Circulación de paso entre mobiliario é ≥ 1 m (varían a distribución das mesas). Altura máxima mesas 74 cm, espazo libre inferior 71 cm, ancho de aproximación ≥ 65 cm e profundidade libre baixo a mesa 31 cm. Aseo adaptado máis próximo Planta -1, á beira do restaurante-comedor.

 **Cafetería/** Planta baixa, al lado de recepción, acceso a nivel. Espazo aberto, circulación de paso entre mobiliario é ≥ 1 m. Altura máxima mesas 63 cm, espazo libre inferior 59 cm, ancho de aproximación 63 cm e profundidade libre baixo a mesa 30 cm. Aseo adaptado máis próximo Planta -1, á beira do restaurante-comedor.

 **Aparcadoiro/** Planta -2, acceso a través do ascensor. Catro prazas resevadas, ancho $\geq 3,50$ m e longo 4,40 m.




HOTEL PLAZA/


★★★★


Santiago Rey Fernández Latorre, 45
15006 A Coruña
Tfno. 981 290 111
www.hotelplaza.es


22


 **Contorna do edificio/** Rúa de acceso en lixeira pendente. Acceso hotel por unha única entrada.


 **Acceso ao edificio/** Entrada ao edificio con resalte de 20 cm que se salva con rampla móbil, previa solicitude en recepción, ancho 90 cm e longo 63 cm. Porta automática, ancho ≥ 80 cm.


 **Recepción e itinerario interior de comunicación/** Acceso mediante rampla con pendente moderada de 6 m de longo e 1 m de ancho; con pasamáns a ambos os dous lados a 90 cm de altura. Paso entre mobiliario $\geq 1,20$ m. Altura mostrador de recepción 1,25 m. Corredores das plantas teñen un ancho $\geq 1,20$ m e nos espazos de xiro pódese inscribir unha circunferencia de 1,50 m.


 **Ascensor/** Tres ascensores, só un accesible. Apertura de porta automática e ancho 80 cm. Cabina ancho 1 m e profundidade 1,10 m. Altura botoeira exterior a 1,35 m e interior a 1,25 m.


 **Aseo adaptado zona común/** Planta -1. Unisex. Porta con apertura cara a dentro ancho ≥ 80 cm. No interior pódese inscribir unha circunferencia de 1,20 m. Peche de pestillo de xiro.


 **Inodoro/** Altura asiento inodoro 43 cm. Aproximación polo seu lateral dereito. Dúas barras de suxeición: lado dereito abatible (altura 73 cm e longo 80 cm), lado esquerdo fixa (altura entre 80-90 cm e longo 35 cm). Separación entre barras 65 cm. Cisterna de pulsador a 75 cm.


 **Lavabo/** Altura bordo superior 86 cm e inferior 84 cm. Espazo de aproximación frontal ancho ≥ 80 cm e longo $\geq 1,20$ m. Espazo libre baixo o lavabo profundidade 47 cm. Luces e xaboeira a 1,10 m, secamáns automático a 1,20 m e papel secamáns a 1,25 m, Cambiador de cueiros abatible a 1,03 m con profundidade libre 55 cm.


 **Habitacións adaptadas/** Tres habitacións adaptadas (105, 106 e 107) na Planta 1. Porta de acceso ancho 76 cm con apertura cara a dentro. Ancho corredor interior $\geq 1,20$ m e nos espazos de xiro permítese inscribir unha circunferencia 1,50 m. Espazo de aproximación da cama por lateral dereito 76 cm e esquerdo 80 cm. Altura cama 60 cm. Luces a 1 m, rañura da tarxeta a 1,20 m e luces da mesilla a 70 cm. Na habitación 107 hai un estreitamento para acceder ao baño de 50 cm.

 **Cuarto de baño de habitación adaptada/** Porta corredeira ancho ≥ 80 cm. Permítese inscribir unha circunferencia libre de varrido de porta de 1,20 m. Xaboeira a 90 cm, secador de pelo a 1,20 m e toallas a 75cm. Dispón de teléfono no baño para realizar chamadas a recepción ou ao exterior.


 **Inodoro/** Altura do asiento 40 cm. Aproximación ao inodoro realizase por lateral esquerdo. Dúas barras de suxeición, lado esquerdo abatible (altura 80 cm e longo 80 cm), lado dereito fixa (altura entre 76-86 cm e longo 35 cm). Na habitación 105 só hai unha barra no lado dereito.

 **Lavabo/** Altura bordo superior 87 cm e inferior 85 cm. Espazo de aproximación frontal ancho 50 cm e longo 80 cm, tendo que subir pola rampla de acceso á ducha para chegar a el. Espazo libre baixo o lavabo profundidade 22 cm. Altura bordo inferior do espello 1 m. Billa de panca non adaptada.

 **Ducha/** Con pequena rampla de 15 cm para salvar resalte, superficie 1,58 x 1 m ancho de entrada ≥ 80 cm. Asento fixado á parede ancho 34 cm e altura 50 cm e unha barra de suxeición fixa en lado dereito. Billa de panca a 1 m.

 **Restaurante, comedor, cafetería/** Planta 0. Itinerario a nivel. Circulación de paso entre mobiliario é $\geq 1,20$ m. Altura máxima de mesas 78 cm e espazo libre inferior 73 cm. Ancho de aproximación ≥ 60 cm e profundidade baixo a mesa 33 cm. Altura barra 1,08 cm e mostrador autoservizo 92 cm. Aseo adaptado máis próximo é o da Planta -1.

 **Aparcadoiro/** Non dispón de aparcadoiro propio.



HOTEL BLUE CORUÑA/


★★★★


Juana de Vega, 7
15004 A Coruña
Tfno. 881 888 555
reservas@hotelbluecoruna.com
www.hotelbluecoruna.com


23


 **Contorna do edificio/** A rúa de acceso é chaira. Acceso hotel por unha única entrada.


 **Acceso ao edificio/** Entrada ao edificio a nivel. Porta automática, ancho ≥ 80 cm.


 **Recepción e itinerario interior de comunicación/** Paso entre mobiliario $\geq 1,20$ m. Mostrador de recepción de dúas alturas, unha delas a 85 cm con espazo de aproximación libre de obstáculos. Os corredores das plantas teñen un ancho $\geq 1,20$ m e nos espazos de xiro pódese inscribir unha circunferencia de 1,20 m.


 **Ascensor/** Dispón de dous ascensores, á beira do mostrador de recepción. Só un deles leva ao espazo habilitado como cafetería. Apertura de porta automática e ancho libre de paso ≥ 80 cm. A cabina ten un ancho de 1,40 m e unha profundidade de 1,40 m.


 **Aseo adaptado zona común/** Planta 0 (entre mostrador de recepción e ascensores). Unisex. A cabina ten unha porta corredeira, ancho libre 76 cm. No interior pódese inscribir unha circunferencia de 1,20 m. Peche de panca. No aseo instalouse o Sistema de Aviso de Emerxencias.


 **Inodoro/** Altura asiento inodoro 47 cm. Aproximación polo seu lateral dereito con espazo de aproximación ≥ 80 cm. Dúas barras de suxeición: lado dereito abatible (altura 70 cm e longo 77 cm), lado esquerdo fixa (altura 72 cm e longo 50 cm). Separación entre barras 77cm.


 **Lavabo/** Altura bordo superior 85 cm e inferior 77 cm. Espazo de aproximación frontal, ancho ≥ 80 cm, longo 1,10 m. Profundidade espazo libre baixo lavabo 30 cm. Altura bordo inferior espello 1 m. Billa de panca. Luces automáticas.


 **Habitacións adaptadas/** 2 Habitacións (103 e 104) en Planta 1. Porta de acceso ancho 78 cm, apertura cara a dentro, permítese unha circunferencia de 1,20 m no exterior da habitación. Ancho corredor interior $\geq 1,20$ m e nos espazos de xiro permítese inscribir unha circunferencia $\geq 1,50$ m. Espazo de aproximación tanto polo lateral dereito como polo esquerdo da cama, ancho ≥ 80 cm.

 **Cuarto de baño de habitación adaptada/** Porta acceso corredeira, ancho ≥ 80 cm. Permítese inscribir unha circunferencia libre de varrido de porta de 1,20 m. Ten Sistema de Aviso de Emerxencias.


 **Inodoro/** Altura do asiento 47 cm. Aproximación polo seu lateral dereito, espazo de aproximación ≥ 80 cm. Dúas barras de suxeición, ambas as dúas abatibles e de igual dimensión (altura 73 cm, longo 77 cm). Separación entre barras 70 cm.

 **Lavabo/** Altura bordo superior 85 cm e inferior de 78 cm. Espazo de aproximación frontal, ancho de ≥ 80 cm e longo 1,20 m. Espazo libre baixo o lavabo, profundidade 34 cm. Altura bordo inferior espello 1 m. Billa de panca.

 **Ducha/** A nivel de chan, superficie 1,30 x 0,80 m, ancho de entrada ≥ 80 cm. Existe un estreitamento puntual no acceso á ducha de 75 cm. Asento de ducha abatible fixado á parede, ancho asiento 44 cm, altura 43 cm, espazo de aproximación polo seu lateral esquerdo ≥ 80 cm. Barra de suxeición no seu lateral esquerdo, alto 70 cm. Altura billa 1,10 m.

 **Restaurante, comedor/** Cafetería (lunch) en entreplanta, comunicada con recepción mediante un dos ascensores. Ancho porta de acceso que comunica ascensor con cafetería 75 cm, apertura de barra de presión. Circulación de paso entre mobiliario $\geq 1,20$ m. Altura máxima mesas 72 cm, espazo libre inferior 69 cm. Ancho de aproximación ≥ 60 cm, profundidade libre baixo mesa 37 cm. Altura encimera de autoservizo 90 cm, altura sistema de servizo de pratos 60 cm. Aseo adaptado máis próximo en Planta 0.

 **Aparcadoiro/** Non dispón de aparcadoiro propio.





HOTEL IBIS STYLES A CORUÑA/


★★★★


Gambrinus, 14
15008 A Coruña
Tfno. 981 912 110
H9595@accor.com
www.ibis.com
www.accorhotels.com


24


 **Contorna do edificio/** A rúa de acceso en costa pronunciada con chanzo de 15 cm ou a través da esquina da rúa polo paso de peóns. Acceso hotel por unha única entrada.


 **Acceso ao edificio/** Entrada ao edificio a nivel. Dúas portas de entrada, unha con apertura cara a fóra con ancho ≥ 80 cm e outra automática ancho ≥ 80 cm.


 **Recepción e itinerario interior de comunicación/** Paso entre mobiliario $\geq 1,20$ m. Mostrador de recepción altura 115 cm. Corredores das plantas ancho $\geq 1,20$ m e en espazos de xiro pódese inscribir unha circunferencia de 1,50 m.


 **Ascensor/** Dous ascensores, próximos ao mostrador de recepción. Apertura automática e ancho ≥ 80 cm. Cabina ancho 1,05 m e profundidade 1,30 m, con pasamáns a 90 cm. Altura botoeira exterior e interior entre 90 e 120 cm.


 **Aseo adaptado zona común/** Dous na Planta 0, un de home e outro de muller. Porta da cabina xeral con apertura cara a dentro ancho 77 cm. Porta da cabina do baño con apertura cara a fóra ancho 77 cm. No interior pódese inscribir unha circunferencia de 1,50 m. Peche pestillo de xiro. As luces son automáticas con sensor de movemento.


 **Inodoro/** Altura asento inodoro 40 cm. Aproximación polo seu lateral dereito con espazo de aproximación ≥ 80 cm. Barra de suxeición abatible lado dereito (altura 77 cm e longo de 80 cm). Separación entre barra e parede 1 m. Cisterna de pulsar a 80 cm.


 **Lavabo/** Altura bordo superior de 83 cm e inferior de 76 cm. O espazo de aproximación frontal ten un ancho ≥ 80 cm e unha lonxitude de 1,20 m. Espazo libre baixo o lavabo 26 cm. Altura do bordo inferior do espello é de 90 cm. Billa de panca non adaptada. Xaboeira a 1 m, secamans a 1,10 m.


 **Habitacións adaptadas/** 2 habitacións adaptadas en Planta 1 enfronte do ascensor. Porta de acceso ancho 77 cm con apertura cara a dentro, permítese unha circunferencia de 1,50 m no exterior da habitación. Ancho corredor interior 1,05 m e nos espazos de xiro permítese inscribir unha circunferencia 1,20 m. Espazo de aproximación tanto polo lateral dereito como polo esquerdo da cama ten un ancho ≥ 90 cm. Luces da habitación alto 90 cm, luces da mesa de cabeceira alto 70 cm. Rañura para a tarxeta e termostato a 1,25 m.


 **Cuarto de baño de habitación adaptada/** Porta corredeira ancho 72 cm. Permítese inscribir unha circunferencia libre de varrido de porta de 1,20 m.


 **Inodoro/** Altura do asento 41 cm. Aproximación polo seu lateral dereito. Barra de suxeición dereita abatible (altura 84 cm e longo 80 cm). Separación entre barra e parede 72 cm.

 **Lavabo/** Ten unha altura cun borde superior 83 cm e unha inferior 79 cm. Espazo de aproximación frontal ancho ≥ 80 cm e longo 1,20 m. Espazo libre baixo o lavabo 24 cm. Altura do bordo inferior do espello 91 cm. Billa de panca non adaptada.

 **Ducha/** Con resalte de 4 cm, superficie 1 x 0,60 m cun ancho de entrada á mesma de ≥ 80 cm. Asento de ducha movable alto 46 cm e ancho 50 cm. Billa de panca a 1 m.

 **Restaurante, cafetería/** Na Planta Baixa, comunicada con recepción. Circulación de paso entre mobiliario é $\geq 1,20$ m. Altura de mesas máxima de 77 cm e mínima 73 cm, espazo libre inferior de 24 cm. O ancho de aproximación é ≥ 80 cm. Altura mostrador cafetería 1,15 m. Altura encimera autoservizo 88 cm, altura sistema de servizo de pratos 60 cm. Aseo adaptado máis próximo Planta 0.

 **Aparcadoiro/** Planta -1, acceso dende o ascensor e porta con apertura cara a dentro. Dúas prazas reservadas, ancho 3,76 m e longo 5,50 m.




HOTEL AVENIDA/


★★★★


Ronda de Outeiro, 99 bis
15007 A Coruña
Tfno. 981 249 466
www.hotelavenida.com


25


 **Contorna do edificio/** Pendente pronunciada, rampla (ancho 1,35 m, longo 3,60 m) de pavimento irregular. Acceso hotel por entrada única.


 **Acceso ao edificio/** Resalte de 5 cm. Porta automática, ancho ≥ 80 cm.


 **Recepción e itinerario interior de comunicación/** Paso entre mobiliario $\geq 1,20$ m, con estreitamentos puntuais de ata 0,65 m. Altura de mostrador 1,15 m. Ancho corredores das plantas $\geq 1,20$ m e en espazos de xiro pódese inscribir unha circunferencia de $\geq 1,50$ m.


 **Ascensor/** Un ascensor en recepción. Acceso por rampla de pendente moderada ancho $\geq 1,20$ m, pasamáns a 88 cm. Apertura de porta automática, ancho 80 cm. Ancho cabina 1,07 m, profundidade 1,40 m. Pasamáns a 1 m. Botoeira exterior e interior a 1,20 m.


 **Aseo adaptado zona común/** Planta 0. Unisex. Porta de cabina con apertura cara a dentro ancho 78 cm. No interior pódese inscribir unha circunferencia de 1,20 m. Peche de pasador. Luces a 1,20 m.


 **Inodoro/** Altura asento inodoro 43 cm. Aproximación polo seu lateral esquerdo, espazo de aproximación ≥ 80 cm. Barra abatible lado dereito (altura 74 cm y largo 80 cm). Cisterna de pulsador a 79 cm.


 **Lavabo/** Altura bordo superior 87 cm, inferior 85 cm. Espazo de aproximación frontal (ancho 70 cm, longo 1,10 m). Espazo libre baixo lavabo 20 cm. Altura bordo inferior espello 1,20 m. Billa de panca non adaptada. Xaboeira 1 m e papel secamans 1,10 m.


 **Habitación adaptada dobre/** Nº 122 (Planta 1). Ascensor preto. Ancho porta acceso 75 cm, apertura cara a dentro, permite circunferencia $\geq 1,50$ m en exterior de habitación. Ancho corredor interior $\geq 1,20$ m e en espazos de xiro permítese inscribir circunferencia $\geq 1,20$ m. Aproximación a cama por lateral dereito ancho 68 cm, por esquerdo 70 cm. Altura cama 60 cm. Luces e rañura tarxeta a 1,15 m, termostato a 1,45 m, luces de mesa de cabeceira a 80 cm.


 **Cuarto de baño de habitación adaptada/** Apertura porta de acceso cara a dentro ancho 80 cm. Permítese inscribir unha circunferencia libre de varrido de porta de 1,20 m.


 **Inodoro/** Altura do asento 41 cm. Aproximación inodoro por lateral esquerdo. Barra de suxeición abatible lado dereito (altura 74 cm e lonxitude 64 cm). Cisterna de pulsador a 74 cm.


 **Lavabo/** Altura con bordo superior 79 cm e inferior 78 cm. Espazo de aproximación frontal ancho ≥ 80 cm e longo 1,20 m. Espazo libre baixo o lavabo profundidade 20 cm. Altura bordo inferior do espello < 90 cm. Billa de panca non adaptada. Secador a 1,20 m e toalla a 0,60 m.


 **Ducha e bañeira/** Ducha a nivel, superficie 98 x 78 cm ancho de entrada ≥ 80 cm. Asento de ducha fixo e silla movable. Asento fixo abatible, ancho 37 cm. e altura 50 cm. Silla portátil, ancho 50 cm e alto 40 cm. Billa de panca entre 0,90-1 m. Barra asideira entre 70-90 cm.


 **Habitación adaptada familiar/** Nº 125 (Planta 1) Similar a habitación 122 con estas variacións: espazos de xiro corredor interior inscribese circunferencia de 1,50 m. Espazo aproximación cama por lateral dereito ancho 80cm, por esquerdo 55 cm.

 **Cuarto de baño de habitación adaptada/** Estreitamento entrada de 55 cm. Porta acceso corredeira ancho 75 cm. Inscribese circunferencia libre de varrido de porta de 1,20 m.

 **Inodoro/** Altura asento 41 cm. Aproximación inodoro por lateral esquerdo. Barra suxeición abatible lado dereito (altura 75 cm e lonxitude 67 cm). Cisterna de pulsador a 73 cm.


 **Lavabo/** Altura con bordo superior 79 cm e inferior 78 cm. Espazo de aproximación frontal ancho ≥ 80 cm e longo 1,20 m. Espazo libre baixo o lavabo profundidade 20 cm. Altura bordo inferior do espello < 90 cm. Billa de panca non adaptada. Secador a 1,20 m e toalla a 0,60 m.

 **Ducha/** A nivel de chan, antiescorregadizo, superficie 1,80 x 0,90 m ancho de entrada ≥ 80 cm. Asento de ducha movable. Ancho 50 cm e altura 47 cm. Billa de panca a 1 m.

 **Restaurante, comedor/** Planta Baixa Ancho porta acceso 74 cm. Circulación de paso entre mobiliario $\geq 1,20$ m. Mesas: altura máx. 70 cm, mín. 64 cm, espazo libre inferior 33 cm. Ancho aproximación ≥ 80 cm. Altura mostrador 1,09 m. Aseo adaptado próximo Planta 0.

 **Aparcadoiro/** O hotel dispón de prazas na estación de tren (ver páx 9).

HOTEL LOIS ★★



Estrella, 40
15001 A Coruña
Tfno. 981 212 269
www.loisestrella.com

Contorna do edificio/ A rúa de acceso é chaira. Acceso hotel por unha única entrada.

Acceso ao edificio/ Entrada a nivel. Mediante tarxeta da habitación ou timbre. Porta con apertura cara a dentro, ancho ≥ 80 cm.

Recepción e itinerario interior de comunicación/ Paso entre mobiliario $\geq 1,20$ m. Mostrador de recepción a 1,10 m con espazo de aproximación libre de obstáculos. Os corredores das plantas teñen un ancho $\geq 1,20$ m e nos espazos de xiro pódese inscribir unha circunferencia de 1,20 m.

Ascensor/ Ascensor detrás das escaleiras de recepción. Apertura automática, ancho libre de paso ≥ 80 cm. Cabina ancho 1,20 m e profundidade 1,20 m. Esixe xiro de 90 ou na saída, polo cambio de apertura de porta segundo planta.

Aseo adaptado zona común/ Planta 0, dentro da cafetería. Unisex. Descanso de acceso permite inscribir unha circunferencia $\geq 1,20$ m. Porta corredeira ancho ≥ 80 cm. No interior pódese inscribir unha circunferencia de 1,10 m. Peche de panca a 85 cm.

Inodoro/ Altura asento inodoro 42 cm. Aproximación ao inodoro frontal con espazo de xiro cunha circunferencia de 1,10 m. Dúas barras de suxeición: lado dereito abatible (altura 81 cm e longo de 80 cm), lado esquerdo fixa (altura 77 cm e longo de 60 cm). Separación entre barras 70 cm.

Lavabo/ Altura bordo superior de 85 cm e inferior de 73 cm. Espazo de aproximación frontal ancho ≥ 80 cm e longo de $\geq 1,20$ m. Espazo libre baixo o lavabo de 11 cm. Altura do bordo inferior do espello ≤ 90 cm. Billa de botón. Luces automáticas.

Habitacións adaptadas/ Unha habitación (202) en Planta 2. Porta de acceso ancho de 75 cm con apertura cara a dentro, permite unha circunferencia de 1,20 m no exterior da habitación. Ancho corredor interior $\geq 1,20$ m e nos espazos de xiro permítese inscribir unha circunferencia $\geq 1,50$ m. Espazo de aproximación polo lateral esquerdo da cama ancho ≥ 80 cm.

Cuarto de baño de habitación adaptada/ Porta corredeira ancho 76 cm. Permítese inscribir unha circunferencia libre de varrido de porta de 1,10 m.

Inodoro/ Altura do asento 40 cm. Aproximación ao inodoro frontal cun espazo de xiro cunha circunferencia de 1,10 m. Dúas barras de suxeición: lado dereito abatible (altura de 80 cm e lonxitude de 76 cm), lado esquerdo fixa (altura 90 cm e lonxitude 40 cm). Separación entre barras 70 cm.

Lavabo/ Altura bordo superior de 85 cm e inferior 73 cm. Espazo de aproximación frontal ancho ≥ 80 cm e longo 1,10 m. Espazo libre baixo o lavabo 11 cm. Altura bordo inferior do espello ≤ 90 cm. Billa de panca.

Ducha/ A nivel do chan, superficie 1,40 x 0,69 m ancho de entrada 98 cm. Asento abatible fixado á parede, altura 43 cm e ancho 48 cm. Espazo de aproximación polo seu lateral dereito 76 cm. Billa de panca.

Restaurante, cafetería/ Restaurante e cafetería en Planta 0, segundo comedor Planta 1. Na cafetería, circulación de paso entre mobiliario $\geq 1,20$ m, con estreitamento puntual de 90 cm en acceso ao aseo. Mesas altura máxima 78 cm espazo libre inferior 73 cm. Ancho de aproximación ≥ 60 cm e profundidade libre baixo a mesa 32 cm. Altura barra 1,08 m. No comedor, circulación de paso entre mobiliario $\geq 1,20$ m con espazos de xiro $\geq 1,20$ m. Aseo adaptado máis próximo Planta 0.

Aparcadoiro/ Non dispón de aparcadoiro propio.

HOTEL SANTA CATALINA ★★



Fernando Arenas Quintela, 1
15003 A Coruña
Tfno. 981 226 704
www.hotelstacatalina.es

Contorna do edificio/ A rúa de acceso é chaira. Acceso hotel por unha única entrada.

Acceso ao edificio/ Rampla (ancho 1,20 m, longo 52 cm), pendente suave. Porta automática, ancho ≥ 80 cm.

Recepción e itinerario interior de comunicación/ Por rampla (ancho 1,20 m, longo 3 m), pendente moderada. Paso entre mobiliario $\geq 1,20$ m. Altura mostrador 1,11 m. Ancho corredores plantas 1,10 m, estreitamentos puntuais de 0,93 m.

Ascensor/ Xunto ao mostrador recepción. Apertura de porta automática, ancho 80 cm. Ancho cabina 1 m, profundidade 1,20 m, pasamáns 97 cm. Botoeira exterior e interior entre 0,90 e 1,20 m.

Habitación adaptada/ Planta 2. Ancho porta acceso 77 cm, cara a dentro. Ancho corredor interior 1 m, espazos de xiro permiten inscribir unha circunferencia $\geq 1,20$ m. Aproximación polo seu lateral dereito de cama 60 cm, por esquerdo ancho ≥ 80 cm. Luces a 1,15 m.

Cuarto de baño de habitación adaptada/ Porta de acceso con apertura cara a dentro, ancho 78 cm. Permítese inscribir unha circunferencia libre de varrido de porta de $\geq 1,20$ m. Peche de pestillo de xiro. Luces a 1,10 m, xaboeira a 83 cm, toallas do lavamáns a 1 m, de ducha a 1,90 m.

Inodoro/ Altura asento 41 cm. Aproximación polo seu lateral dereito. Dúas barras de suxeición, dereita abatible (altura 70 cm, lonxitude 73 cm), esquerda fixa (altura 70 cm, lonxitude 35 cm). Separación entre barras 58 cm. Cisterna de pulsador a 1 m.

Lavabo/ Altura bordo superior 83 cm e inferior 71 cm. Espazo de aproximación frontal ancho ≥ 80 cm, longo 1,20 m. Espazo libre baixo o lavabo profundidade 20 cm. Altura bordo inferior do espello 1 m. Billa de panca non adaptada.

Ducha/ Antiescorregadiza, a nivel do chan (0,78 x 0,70 m), ancho de entrada 70 cm. Asento abatible fixado á parede (ancho 43 cm, alto 46 cm) con barra de suxeición vertical, altura entre 0,53 e 1 m. Billa de panca a 90 cm.

Cafetería/ Planta 1, ancho porta acceso ≥ 80 cm. Circulación de paso entre mobiliario $\geq 1,20$ m. Mesas: altura máx. 79 cm, espazo libre inferior 76 cm, profundidade libre baixo mesa 40 cm. Aseo adaptado próximo, habitación.

Aparcadoiro/ O hotel non dispón de aparcadoiro propio.

HOTEL NIDO ★



San Andrés, 146
15003 A Coruña
Tfno. 981 213 201
www.hotel-nido-coruna.com

Cotorna do edificio/ Rúa de acceso chaira, 2 entradas, 1 accesible por Travesía Cormelana.

Acceso ao edificio/ Entrada ao edificio con resalte de 2 cm. Porta ancho ≥ 80 cm.

Recepción e itinerario interior de comunicación/ Primeira rampla de pendente suave (ancho/longo 1,20 x 1,20 m). Segunda rampla de pendente pronunciada (ancho 1,06 m, longo 1,40 m). Paso entre mobiliario $\geq 1,20$ m. Altura mostrador 1,09 m. Corredores plantas, ancho $\geq 1,20$ m, en espazos de xiro inscribítese circunferencia $\geq 1,50$ m.

Ascensor/ Á beira do mostrador de recepción. Apertura automática ancho 77 cm. Ancho Cabina 0,93 m, profundidade 1,20 m. Botoeira exterior e interior entre 0,90 e 1,20 m. Sen pasamáns.

Habitacións adaptadas/ Dúas (Plantas 1 y 2). Ancho porta acceso 77 cm, apertura cara a dentro. Ancho corredor interior 1 m e nos espazos de xiro permítese inscribir unha circunferencia $\geq 1,20$ m. Espazo de aproximación polo seu lateral dereito 64 cm e esquerdo 55 cm. Alto cama 59 cm.

Cuarto de baño de habitación adaptada/ Ancho porta acceso 77 cm, apertura cara a fóra. Permítese inscribir unha circunferencia libre de varrido de porta de 1,10 m. Peche de xiro en pomo. Luces a 1,07 m, xaboeira a 1,10 m, toallas de man a 1,16 m e de ducha a 1,40 m.

Inodoro/ Altura asento 42 cm. Aproximación frontal. 2 Barras de suxeición, esquerda abatible (altura 85 cm, lonxitude 73 cm), dereita fixa (altura 78 cm, lonxitude 47 cm). Separación barras 90 cm. Barra portátil dispoñible. Cisterna de pulsador a 77 cm.


Lavabo/ Altura con bordo superior 84 cm e inferior 72 cm. Espazo de aproximación frontal ancho ≥ 80 cm, longo 70 cm. Profundidade espazo libre baixo o lavabo 15 cm. Altura bordo inferior espello 1,10 m. Billa de panca non adaptada.

Ducha/ Nivel de chan (1 x 0,80 m), ancho entrada ≥ 80 cm. Asento abatible en parede (ancho 48 cm, altura 46 cm). 2 Barras de suxeición, dereita abatible (é a esquerda do inodoro) e esquerda fixa (altura entre 0,90 e 1,10 m e lonxitude 30 cm). Billa de panca a 0,85 m.

Restaurante, comedor/ Planta 0. Ancho porta acceso 66 cm. Circulación de paso entre mobiliario $\geq 1,20$ m. Mesas: altura máx. 76 cm, espazo libre inferior 74 cm. Ancho de aproximación ≥ 60 cm e profundidade libre baixo a mesa 31 cm. Aseo adaptado próximo, habitación.

Aparcadoiro/ O hotel non dispón de aparcadoiro propio.

PENSIÓN ALBORÁN/



Rego da Agua, 14
15001 A Coruña
Tfno. 981 226 579
info@hostalalboran.es
www.hostalalboran.es

28



Contorna do edificio/ A rúa de acceso é chaira. Acceso hotel por unha única entrada.



Acceso ao edificio/ Entrada ao edificio por rampla de 82 cm longo e 1,40 ancho, pendente suave. Porta automática, ancho ≥ 80 cm.



Recepción e itinerario interior de comunicación/ Paso entre mobiliario $\geq 1,20$ m. Altura mostrador 1,15 m con espazo de aproximación libre de obstáculos. Corredores das plantas ancho 1,07 m e nos espazos de xiro pódese inscribir unha circunferencia de 1 m.



Ascensor/ Un ascensor, ao lado de ción. Apertura de porta automática e ancho ≥ 80 cm. Cabina ancho 1,04 m e profundidade de 1,15 m. Botoeira exterior a 1,06 m e interior a 1,30 m.



Aseo adaptado zona común/ Planta 0 É o baño de mulleres. O descanso de acceso á cabina permite inscribir unha circunferencia $\geq 1,20$ m. Cabina con porta corredeira ancho ≥ 80 cm, no interior pódese inscribir unha circunferencia de 1,50 m. Peche de panca. Luces automáticas.

Inodoro/ Altura asiento inodoro 46 cm.



Aproximación polo seu lateral dereito con ancho ≥ 80 cm. Sen barras de suxeición.



Lavabo/ Altura bordo superior 85 cm e inferior 70 cm. Espazo de aproximación frontal ancho 80 cm e longo $\geq 1,20$ m. Espazo libre baixo o lavabo profundidade 15 cm. Altura bordo inferior do espello 1,14 m. Billa de panca.



Habitacións adaptadas/ Unha habitación adaptada (103) Planta 1, fronte ó ascensor. Porta de acceso ancho ≥ 80 cm, permite unha circunferencia de 1,20 m no exterior da habitación. Ancho corredor interior $\geq 1,20$ m e nos espazos de xiro permítesese inscribir unha circunferencia $\geq 1,50$ m. Espazo de aproximación polo lateral dereito da cama ancho $\geq 1,50$ m. Altura cama 50 cm.



Cuarto de baño de habitación adaptada/ Porta acceso corredeira ancho ≥ 80 cm, permite inscribir unha circunferencia libre de varrido de porta $\geq 1,50$ m.



Inodoro/ Altura do asiento 40 cm. Aproximación ao inodoro frontal cunha circunferencia $\geq 1,50$ m. Non dispón de barras de suxeición.



Lavabo/ Altura con bordo superior 91 cm e inferior 80 cm. Espazo de aproximación frontal ancho 85 cm e longo $\geq 1,20$ m. Espazo libre baixo o lavabo profundidade 22 cm. Altura bordo inferior do espello 1,20 m. Billa de panca.



Ducha/ Con resalte de 3 cm, superficie 1,18 x 0,78 m, espazo para entrar só permite facer un xiro cunha circunferencia de 76 cm. Non hai asiento de ducha nin barras de suxeición. Billa de panca.



Restaurante, comedor/ Planta 0, á beira de recepción, itinerario accesible. Circulación de paso entre mobiliario é $\geq 1,20$ m. Altura máxima de mesas 75 cm e espazo libre inferior de 73 cm. Ancho de aproximación é ≥ 60 cm e profundidade libre baixo a mesa 26 cm. Aseo adaptado máis próximo preto ós ascensores.



Aparcadoiro/ Non dispón de aparcadoiro propio.

PENSIÓN LA PROVINCIANA/



Rúa Nova, 7-9, 2º
15003 A Coruña
Tfno. 981 22 04 00
www.laprovinciana.net

04/02
Aloxamentos/
Pensións

29



Contorna do edificio/ A rúa de acceso é chaira. Acceso hotel por unha única entrada.



Acceso ao edificio/ Tres portas, a primeira é un portón metálico de 80 cm de ancho, pesada, dá a un canellón que dá acceso á porta do edificio. O timbre para abrir este portón está a 1,52 m. A segunda porta é a propia do edificio, resalte de 6 cm e ancho ≥ 80 cm. A terceira porta (Planta 2 do edificio) é de cristal con apertura cara a ambos os lados e un ancho de 74 cm.



Recepción e itinerario interior de comunicación/ Paso entre mobiliario $\geq 1,20$ m. Altura mostrador de recepción 1,15 m con espazo de aproximación libre de obstáculos.



Ascensor/ Dous ascensores. Apertura de porta automática e ancho 70 cm. Cabina ancho 1,10 m e profundidade 0,95 m. Botoeira exterior a 1,20 m e interior entre 1,20 y 1,50 m.



Habitacións adaptadas/ Unha habitación adaptada (208) na mesma planta ca recepción. Porta de acceso ancho 77 cm con apertura hacia dentro, permite unha circunferencia de 1,20 m no exterior da habitación. Ancho corredor interior 90 cm e nos espazos de xiro permítesese inscribir unha circunferencia $\geq 1,50$ m. Espazo de aproximación á cama polo lateral dereito de 70 cm e polo esquerdo 80 cm. Luces a 1,10 m.



Cuarto de baño de habitación adaptada/ Porta de acceso con apertura hacia dentro, ancho 77 cm. Permite inscribir unha circunferencia libre de varrido de porta de 0,80 m. Toalla a 80 cm e xaboeira a 1,16 m, luces a 1,15 m e peche de xirar.



Inodoro/ Altura do asiento 51 cm. Aproximación ao inodoro frontal cunha circunferencia de 80 cm. Dúas barras de suxeición, abatibles e da mesma dimensión (altura 82 cm e lonxitude 60 cm). Separación entre barras 74 cm. Cisterna de pulsador a 80 cm.



Lavabo/ Altura con bordo superior 80 cm e inferior 70 cm. Espazo de aproximación frontal ancho ≥ 80 cm e longo 70 cm. Espazo libre baixo o lavabo profundidade 25 cm. Altura bordo inferior do espello 1,26 m. Billa de panca non adaptada.



Ducha/ Antiescorregadiza, con resalte de 2 superficie de 1,60 x 0,76 m. O espazo para entrar só permite facer un xiro cunha circunferencia de 77 cm. Asento de ducha fixado á parede, ancho 32 cm. e altura 50 cm e unha barra de suxeición fixa de 80 cm de alto. Billa de panca non adaptada a 50 cm.




Aparcadoiro/ O hotel non dispón de aparcadoiro propio.

CIDADE VELLA/

Comezo/
Fundación Luis Seoane

Fin/
Plaza María Pita



1



8



9



10

05/01
Rutas
turísticas
accessibles

30

A Cidade Vella caracterízase pola combinación de pedra, madeira e vidro nas súas vivendas con galerías, alternando as casas de fidalgos coas casas dos veciños nas súas laberínticas rúas. A nosa ruta comeza na Fundación Luis Seoane (1), museo de arte contemporánea. Ao seu carón atópanse a Igrexa da Orde Terceira (2) e o Museo Militar (3), antigas instalacións que tiveron diversos destinos dende a súa construción. Cruzamos a rúa e chegamos ao Xardín de San Carlos (4), onde se atopa o mausoleo de Sir John Moore, falecido na Batalla de Elviña en 1809.


Continuamos pola rúa San Francisco ata o Convento e Igrexa de Santo Domingo (5). Moi preto atópase a Praza e Convento das Bárbaras (6), fundado no s.XIV. Seguimos pola rúa das Herrerías, e atopámonos coa casa-Museo de María Pita (7), símbolo da defensa da cidade e que que



2



4



3

dá nome á praza do Concello. A continuación, dirixímonos á Colexiata de Santa María do Campo (8), a igrexa dos gremios do mar e do comercio.

Seguimos ata a praza de Azcárraga (9), antiga praza da Fariña, baixamos pola rúa Santiago e chegamos á Igrexa de Santiago (10), que é probablemente a máis antiga da cidade. Por último, terminamos a nosa ruta na Praza de María Pita (11), onde se atopa o Concello, cuxo edificio se pode visitar e que alberga o Museo dos Reloxos.

1. Fundación Luis Seoane/ Centro de arte e cultura contemporáneas que, ademais da exposición permanente da obra de Luis Seoane, presenta regularmente exposicións dedicadas ás últimas tendencias da arte actual.

Accesibilidade/

Acceso Itinerario Aseo



2. Igrexa da Orde Terceira/ Construíuse en 1743 sobre planos do arquitecto compostelán Simón Rodríguez. Estaba encostada á Igrexa de San Francisco. Destacan no seu interior as esculturas de San Francisco recibindo o abrazo de Cristo, unha imaxe de Xesús o Nazareno e a obra de talla do corpo e pernas de San Luís, rei de Francia.

Accesibilidade/

Exterior



3. Museo Militar/ As antigas instalacións que aquí se levantaron tiveron ao longo do século XIX e principios do XX diversos destinos como almacén de municións, cuartel de veterinaria, presidio correccional, cuartel da Garda Civil e dependencias do Parque e da Comandancia, despois Xefatura Rexional de Artillaría.

Accesibilidade/

Acceso Itinerario Aseo



4. Xardín e Bastión de San Carlos/ Construído como castelo defensivo fóra de murallas no século XIV e queda unido á cidade no século XVI. Aos poucos perde importancia como baluarte e, tras estalar a súa polvoreira en 1658, queda abandonado, ata que no século XVIII é recuperado como Xardín por Don Carlos F. de Croix.

Accesibilidade/

Acceso Itinerario



5. Convento e Igrexa de Santo Domingo/ Antigamente situado fóra de murallas, foi reconstruído dentro da Cidade Vella na primeira metade do século XVII. O convento ampliouse cara a 1726, pero a igrexa foi derrubada case de maneira total conservando só as capelas dos Remedios e do Rosario.

Accesibilidade/

Acceso Itinerario



6. Convento e Praza da Santa Bárbara/ Trátase dun beaterio fundado no século XIV e posteriormente integrado na obediencia franciscana. Parece ser que inicialmente se atopaba neste lugar unha ermida dedicada a Santa Bárbara, de aí o seu nome.

Accesibilidade/

Itinerario



7. Casa Museo de María Pita/ María Mayor Fernández de la Cámara y Pita, popularmente coñecida como María Pita, é o símbolo da defensa do pobo coruñés fronte ao ataque inglés de 1589. A súa fazaña tivo lugar na chamada Porta de Aires, a escasos metros desta residencia. Na súa honra, a praza do Concello leva o seu nome.

Accesibilidade/

Acceso Itinerario Aseo



8. Colexiata de Santa María do Campo/ Recibe este nome porque no momento da súa construción probablemente achábase fóra das murallas da cidade. O edificio actual posiblemente sexa de finais do século XIII ou principios do XIV. Desde moi antigo foi a igrexa dos gremios do mar e do comercio.

Accesibilidade/

Acceso Itinerario



9. Praza de Azcárraga/ A antiga praza da Fariña, hoxe praza de Azcárraga, era a máis importante da Cidade Vella xa que se abrían a ela a Casa da Intendencia, o Consistorio e o Almacén de Artillaría. Neste lugar era onde se realizaba a venda de gran, ademais de festexos e cerimoniais de tipo público.

Accesibilidade/

Itinerario



10. Igrexa de Santiago/ Pertencente aos séculos XII-XIII, é probablemente a igrexa máis antiga da Coruña. No seu atrio reuníanse as autoridades da cidade durante os séculos XIV e XV. Na fachada oeste represéntase ao Apóstolo Santiago dacobalo.

Accesibilidade/

Itinerario



11. Praza de María Pita, Concello/ Recibe o nome da heroína que defendeu a cidade do ataque das tropas inglesas da man de Sir Francis Drake. Está rodeada de edificios de galerías características da arquitectura galega.

Accesibilidade/

Itinerario



11

31

PASEO MARÍTIMO I/ A MARIÑA TORRE DE HÉRCULES


Comezo/
Galerías da Mariña

Fin/
Torre de Hércules

32



Comezamos a ruta na avenida da Mariña onde podemos contemplar desde a rúa das Galerías (1) que dan o alcume á cidade (“A Cidade de Cristal”). Bordeamos a dársena deportiva e o porto e atopámonos co Castelo de San Antón (2), que actualmente é a sede do Museo Arqueolóxico da Coruña, pero que conta cunha gran historia entre as súas paredes. Saimos do Castelo de San Antón e botamos a camiñar polo Paseo Marítimo (3) e as súas imponentes vistas. Pasaremos por detrás do Cemiterio de San Amaro. Chegaremos ao barrio de Durmideiras, desde onde podemos empezar a gozar do Parque Escultórico da Torre de Hércules(4), para a continuación contemplar o impresionante monumento máis visitado da cidade e Patrimonio da Humanidade pola Unesco: a Torre de Hércules (5).



1. Galerías da Mariña/ A Coruña é coñecida pola súa fachada de cristal fronte ao mar na Mariña, as galerías que, aínda que forman parte da arquitectura galega, aquí alcanzan a súa máxima expresión. Baixo os seus soportais, atopamos restaurantes e cafetarías con terrazas ao mar, desde onde podemos contemplar a dársena deportiva e o Peirao de Transatlánticos, con numerosos amarres ocupados todo o ano por veleiros e grandes barcos.

Accesibilidade/
Itinerario



2. Castelo de San Antón/ Este antigo forte, prisión e illa, unida a terra firme en 1968, está intimamente relacionado coa defensa da cidade da Coruña e do seu porto. É a sede do Museo Arqueolóxico da Coruña e onde se exhiben restos escultóricos, arquitectónicos e funerarios da Baixa Idade Media, restos de ourivaría protohistórica, pezas do megalitismo, a Idade de Bronce, a cultura castrexa e a romanización, unha sección de Historia, a sancristía e a capela do castelo.

Accesibilidade/
Exterior



3. Paseo Marítimo/ Un dos máis longos de Europa con máis de 13 quilómetros que percorren desde o Castelo de San Antón ata o Portiño, envolvendo a cidade. Ten carril bici, estrada e calzada peonil (desde o Castelo de San Antón á Torre de Hércules hai 2,5 km).

Accesibilidade/
Itinerario



4. Parque escultórico da Torre/ Este museo ao aire libre esténdese pola península da Torre, Punta Herminia, O Acoroado e o Cabal de Pradeira, ao longo de 47 hectáreas, é dicir, ocupando parte dos límites da zona da Torre. As esculturas distribúense no espazo verde que rodea a Torre, nun xogo de perspectivas moi suxestivo e en diálogo permanente co propio monumento.

Accesibilidade/
Itinerario



5. Torre de Hércules/ A Torre de Hércules é o faro romano máis antigo do mundo e o único que se conserva en servizo. Construída con toda probabilidade na segunda metade do século I, a súa luz foi desde sempre un punto de referencia para os navegantes. O revestimento exterior actual é do século XVIII. A Torre de Hércules sempre foi fonte de mitos e lendas. Relatos que se transmiten de xeración en xeración ao longo dos séculos. Foi declarada Ben de Interese Cultural en 1931 e monumento Patrimonio da Humanidade en 2009.

Accesibilidade/
Itinerario



05/02

Rutas
turísticas
accesibles

33

Visitas Guiadas



..apetéceche coñecer
A Coruña da man
dun guía profesional
caracterizado.

A súa historia, anécdotas,
mitos e lendas en
compañía de personaxes
emblemáticos.

* As visitas poden sufrir
modificacións anualmente.

máis info en:
visitasguiadas.coruna.es

PASEO MARÍTIMO II/ TORRE DE HÉRCULES MONTE DE SAN PEDRO

Comezo/
Torre de Hércules

Fin/
Parque de San Pedro

34

Comezaremos no barrio de Durmideiras, desde o Paseo Marítimo (1) onde podemos empezar a gozar do Parque Escultórico da Torre de Hércules (2), para a continuación contemplar o monumento máis visitado da cidade e Patrimonio da Humanidade pola Unesco: a Torre de Hércules (3). Tras empaparnos dos seus mitos e lendas, proseguimos o noso camiño cara á Casa dos Peixes ou Aquarium Finisterrae (4) e a Casa do Home ou Domus (5), ambos os museos científicos interactivos da cidade onde o que está prohibido é non tocar. Seguindo a nosa ruta, atopámonos coas praias urbanas de Matadoiro, Orzán e Riazor (6) na baía do Orzán. Xa chegando ao final do noso percorrido, observamos o obelisco Millenium (7) e, un pouco máis adiante, o ascensor panorámico subíranos ao Parque de San Pedro (8), desde cuxo Miradoiro poderemos gozar dunhas maravillosas vistas da baía e a Torre de Hércules.



1. Paseo Marítimo/ É o máis longo de Europa, con máis de 13 quilómetros que percorren desde o Castelo de San Antón ata o Portiño, envolvendo a cidade. Ten carril bici, estrada e calzada peonil.

Accesibilidade/
Itinerario



2. Parque escultórico da Torre/ Este museo ao aire libre esténdese pola península da Torre, Punta Herminia, O Acoroado e o Cabal de Pradeira, ao longo de 47 hectáreas, é dicir, ocupando parte dos límites da zona da Torre. As esculturas distribúense no espazo verde que rodea a Torre, nun xogo de perspectivas moi suxestivo e en diálogo permanente co propio monumento.

Accesibilidade/
Itinerario



3. Torre de Hércules/ A Torre de Hércules é o faro romano máis antigo do mundo e o único que se conserva en servizo. Construída con toda probabilidade na segunda metade do século I, a súa luz foi desde sempre un punto de referencia para os navegantes. O revestimento exterior actual é do século XVIII. A Torre de Hércules sempre foi fonte de mitos e lendas. Relatos que se transmiten de xeración en xeración ao longo dos séculos. Foi declarada Ben de Interese Cultural en 1931 e monumento Patrimonio da Humanidade en 2009.

Accesibilidade/
Itinerario exterior



4. Casa dos Peixes, Aquarium/ Inclúe entre os seus contidos unha sala mergullada en 4 millóns de litros de auga onde nadan quenllas e outras grandes especies, un tanque onde se poden tocar algúns animais mariños, grandes acuarios que recrean os ecosistemas dunha batea ou dun cantil, unha colonia de focas atlánticas, e máis de medio cento de módulos que dan resposta a diversas preguntas.

Accesibilidade/
Acceso Itinerario Aseo



5. Casa do Home, Domus/ Os seus preto de 200 módulos interactivos propoñen experiencias como a de subirse a pedalear nunha bicicleta e ver á beira un esqueleto realizando os mesmos movementos, lanzar un penalti e comprobar a velocidade á que se impulsou o balón, descubrir como reaccionan as nosas pupilas ante un estímulo luminoso, ver imaxes dun parto real, relaxarse para gañar unha partida nun xogo que mide a actividade cerebral, ou facerse unha foto de "familia" xunto a outros homínidos, entre moitas outras.

Accesibilidade/
Acceso Itinerario Aseo



6. Praias urbanas/ A Coruña ten máis de dous quilómetros de praias no centro urbano. As máis céntricas e concorridas, Riazor, Orzán e Matadoiro, fúndense formando unha cuncha aberta ao Atlántico. As Lapas, ao pé da Torre de Hércules, San Amaro, no barrio de Durmideiras e, saíndo da cidade, preto do barrio de Os Castros, a praia de Oza. En todas elas ondea a bandeira azul.

Accesibilidade/
Acceso Itinerario Aseo




7. Millenium/ O obelisco luminoso Millenium elévase ata unha altura total de 50 metros. Nos seus 178 cristais de roca tratada cóntase a historia en imaxes dos principais acontecementos e personaxes da cidade.

Accesibilidade/
Itinerario



8. Parque de San Pedro/ Sóbese desde o Paseo Marítimo no ascensor panorámico. Chégase ao Miradoiro de San Pedro onde poderemos gozar dunhas impresionantes vistas e dar un paseo entre xardíns, estanques, un labirinto e as inmensas baterías que defendían a cidade noutros tempos.

Accesibilidade/
Acceso Itinerario



05/03

Rutas
turísticas
accessibles

35

TORRE DE HÉRCULES PARTE BAIXA/



Símbolo da Coruña e único faro romano no mundo en funcionamento.
Patrimonio da Humanidade/

Avda. de Navarra, s/n.
15002 A Coruña
Tel./Fax: +34 981 223 730
torredehercules@coruna.es
www.torredeherculesacoruna.es

GRATIS/ Persoas con discapacidade recoñecida >=33% y acompañante

36

Contorna do edificio/ Acceso ao recinto en pendente pronunciada e pavimento irregular.

